



### ACTA Nº 1 DA COMISIÓN DE VALORACIÓN

#### Reunión para a valoración da documentación da oferta presentada e proposta de adxudicación

RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2026 pola que se publica a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, da execución do Programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 para os anos 2026 a 2029 (código de procedemento BS213E). A Consellería de Política Social e Igualdade financiará o custo derivado da execución deste concerto cunha contía máxima de 2.822.277,09 € no período do 1/07/2026 ao 30/06/2029. Este importe será cofinanciado, cunha porcentaxe do 60% pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

En Santiago de Compostela, o 30 de abril de 2026 ás 12,30 horas, reúnense os membros da Comisión de Valoración establecida na cláusula P) da resolución sinalada no encabezamento e formada polas persoas que se sinalan:

#### Presidenta

- Cristina Blanco Aragón, (subdirectora Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia)

#### Vogais

- Marta Queipo Díaz (xefa do Servizo de Protección de Menores)
- Ana Piñeiro Barreiro, (psicóloga do Servizo de Protección de Menores)
- Juana M<sup>a</sup> Pereira Viqueira (pedagoga do Servizo de Protección de Menores)
- Alfonso Rafael Otero Romero, (psicólogo do Servizo de Protección de Menores)

#### Secretario

- José Manuel Castro Couselo (xefe de Sección de Tramitación Administrativa)

**Primeiro.-** Con data 24 de marzo de 2026 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución indicada no encabezamento.

**Segundo.-** O prazo de presentación de ofertas rematou o día 27 de abril de 2026.

A este concerto social presentouse unha única entidade:

ENTIDADE SOLICITANTE	DATA PRESENTACIÓN
ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA DE VIGO	22/04/2026 12:02





**Terceiro.-** A reunión ten por obxecto examinar, polos membros da Comisión, o informe elaborado polo persoal técnico da Consellería de Política Social e Igualdade e revisar a documentación presentada pola entidade participante no concerto social indicado no encabezamento referenciado co código de procedemento BS213E.

**Cuarto.-** Unha vez examinada a documentación presentada polo persoal do Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, conséntase que a entidade presentou a documentación requirida completa e correcta.

**Quinto.-** Na cláusula O) da resolución do concerto establécense uns criterios para a selección da entidade adjudicataria, coa finalidade de acadar unha valoración que sirva para establecer unha orde de prelación para concertar.

Consonte aos criterios de valoración reflectidos no texto da resolución, a Comisión de Valoración establece a seguinte puntuación para a entidade presentada ao concerto:

## RESUMO DAS PUNTUACIÓNS OBTIDAS POR ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA DE VIGO

Descrición	Puntaxe
A. Calidade do proxecto técnico (ata 44 puntos)	32,75
B. Instalacións en que se levará a cabo o servizo: (ata 6 puntos)	5,5
C. Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade (ata 10 puntos)	0
D. Experiencia do persoal técnico asignado ao proxecto (ata 15 puntos)	3,5
E. Formación do persoal asignado ao proxecto (ata 15 puntos)	15
F. Por cada ano de servizo acreditado pola entidade no ámbito da protección á infancia e á adolescencia (ata 10 puntos)	10
<b>TOTAL</b>	<b>66,75</b>

**Sexto.-** De acordo coa dita valoración elévase a proposta de adjudicación á conselleira de Política Social e Igualdade, segundo o disposto no artigos 15 e 16 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme á seguinte clasificación:

**ENTIDADE PROPOSTA COMO ADJUDICATARIA**

**ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA DE VIGO**





E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:45 horas.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O secretario da Comisión de Valoración

José Manuel Castro Couselo

A presidenta da Comisión de Valoración

Cristina Blanco Aragón

